

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO DO CURSO 2014/2015

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

- Artigos 13 e 14 do Real Decreto 99/2011 do 28 de xaneiro, que regulan o procedemento de avaliación e defensa das teses de doutoramento para a obtención do título de doutor.
- Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC, aprobado no Consello de Goberno de 17 de xullo de 2012.
- Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da UDC, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de decembro de 2012.

De acordo con todo o indicado

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Obxecto da convocatoria

Convocar os Premios Extraordinarios de Doutoramento correspondentes ao curso académico 2014/2015.

SEGUNDO.- Requisitos para participar na convocatoria

Poderán participar nesta convocatoria os/as doutores/as que cumpran o seguinte:

1. Ter defendida a súa tese na UDC no período entre o 1 de setembro de 2014 e o 31 de xullo de 2015.
2. Obter a cualificación de “apto *Cum Laude*” ou de “sobresaliente *Cum Laude*”.

Tamén poderán participar aqueles/as doutores/as que, tendo defendida a tese en anos anteriores, non puideron optar á mención de premio extraordinario por non seren convocados premios no seu programa de doutoramento.

Cada tese será avaliada segundo o programa de doutoramento no que foi defendida. A tal efecto, os programas de doutoramento se agrupan en ámbitos temáticos (ver **Anexo I**), sendo avaliados todos os programas dun agrupamento polo mesmo tribunal.

No **Anexo II**, relaciónase o número de premios que se convocan por agrupamento de programas de doutoramento e, a efectos informativos e non vinculantes, os/as doutores/as que poden optar a cada un dos premios desta convocatoria.

TERCEIRO.- Presentación de solicitudes

Cada solicitude presentarse no Rexistro da Sección de Estudos de Doutoramento (Pavillón Estudantil, Campus de Elviña) ou no Rexistro Auxiliar de Ferrol en instancia dirixida ao Sr. Reitor, segundo o modelo do **Anexo III**, acompañada dun exemplar da tese en formato electrónico e o currículo do/a solicitante xunto cunha listaxe de méritos alegados relacionados coa tese, segundo os criterios xerais recollidos no punto sexto.

CUARTO.- Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes rematará o **22 de abril de 2016**.

QUINTO.- Tribunais de premio extraordinario de doutoramento

Cada Tribunal de premio extraordinario de doutoramento (Tribunal PED) estará constituído, como mínimo, por cinco membros titulares e cinco suplentes.

Na súa composición, garantirase a presenza equilibrada dos ámbitos implicados.

Para poder pertencer ao devandito tribunal, teranse que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter cando menos un sexenio de investigación concedido.
- b) Non ser un dos directores ou codirectores das teses que optan ao premio extraordinario.
- c) Non ser coautor/a de ningunha das patentes, artigos ou traballos dos/as doutorandos/as que concorren ao premio.

O reitor, á proposta da Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC), nomeará os Tribunais PED encargados de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento.

O/a presidente/a de cada Tribunal PED fará a/s convocatoria/s das sesións do tribunal. Previamente á constitución do tribunal, o/a presidente/a comunicará á Sección de Estudos de Doutoramento o centro onde se realizarán as sesións e a localización do taboleiro onde se publicará toda a información relacionada coa concesión do premio extraordinario. A Sección de Estudos de Doutoramento publicará na web da EIDUDC o centro e a localización do taboleiro.

SEXTO.- Concesión dos premios extraordinarios

Se o número de teses defendidas e declaradas aptas e asignadas a cada Tribunal PED fose igual ou superior a cinco, cada Tribunal PED poderá conceder unha mención de premio extraordinario por cada cinco ou fracción.

Se o número de teses defendidas e declaradas aptas nun agrupamento nun curso académico fose inferior a cinco, non se convocará premio extraordinario deste agrupamento. Neste caso, as teses deste curso sumaranse ás defendidas e declaradas aptas no seguinte curso e, se a suma alcanzase o número de 5, procederase á convocatoria de premio extraordinario.

Para cada tese que concorra a esta convocatoria, a Sección de Estudos de Doutoramento comunicará ao/á presidente/a do Tribunal PED a composición do tribunal que xulgou a tese e remitiralle o sobre pechado cos informes confidenciais elaborados polo tribunal da tese, que se deberá abrir durante a primeira sesión de traballo do Tribunal PED. Todos os membros do Tribunal PED coñecerán a composición do tribunal que xulgou a tese e lerán os informes correspondentes nesta primeira sesión. Os informes de cada tese conservaranse coas actas do Tribunal PED. O Tribunal PED poderá solicitar a información adicional que considere necesaria para elaborar a súa proposta.

Unha vez constituído, e antes de proceder á consulta da documentación, o Tribunal PED determinará os criterios de avaliación que publicará no taboleiro do centro. Estes criterios terán en conta, polo menos:

- A cualificación da tese, obtida da valoración confidencial emitida por cada un dos membros do tribunal.
- Os currículos do alumnado que opta ao premio, en particular:
 - a) Patentes concedidas e libros ou artigos publicados en revistas científicas derivados de traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.
 - b) Presentacións ou actas de congresos orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.
 - c) Actividades de investigación que foran consecuencia da tese (contratos realizados ao abeiro do artigo 83 da LOU, transferencia de tecnoloxía, axudas e subvencións...).

Só se valorarán os méritos de investigación ou transferencia de tecnoloxía directamente relacionados co contido da tese.

En ningún caso poderá someterse aos/ás solicitantes á realización de exercicios ou probas adicionais.

A continuación, o Tribunal PED procederá a abrir e examinar a documentación achegada. Tras as deliberacións oportunas, resolverá por maioría a proposta das teses merecedoras de premio extraordinario, axustándose ao número máximo previsto.

Os Tribunais PED poderán propor que as mencións de premio queden desertas.

SÉTIMO.- Resolución de premios extraordinarios e alegacións

O/a presidente/a de cada Tribunal PED publicará a proposta provisional de premios extraordinarios no taboleiro do centro, e remitirá esta proposta á Sección de Estudos de doutoramento da UDC para a súa publicación na web da EIDUDC.

No prazo de dez días, os/as solicitantes poderán facer alegacións a esta proposta dirixidas ao/á presidente/a do Tribunal PED, a través do rexistro do centro onde se reuniu o tribunal. O Tribunal PED elaborará un informe sobre as alegacións presentadas no que deberá xustificar se ratifica ou modifica a proposta.

O Tribunal PED enviará a proposta definitiva da concesión á Comisión Permanente da EIDUDC para a súa valoración e esta remitirá a súa proposta á Secretaría Xeral para a súa aprobación polo Consello de Goberno.

A Sección de Estudos de Doutoramento publicará na web da EIDUDC a resolución definitiva de premios extraordinarios e entregará aos/ás doutores/as premiados/as unha notificación formal do acordo, que se anotará no seu expediente académico. Igualmente, na certificación académica e no título de doutor/a, de acordo coas indicacións do ministerio competente, farase constar a mención de premio extraordinario de doutoramento.

Sen prexuízo do anterior, a UDC poderá dispor o recoñecemento documental de mención de premio extraordinario de doutoramento na forma oportunamente determinada.

Os/as doutores/as aos/ás que obtivesen o premio extraordinario de doutoramento terán exención de prezos públicos pola expedición do título de doutor/a.

A Coruña, 31 de marzo de 2016

O Reitor



Julio Ernesto Abalde Alonso

ANEXO I

Agrupamentos de Programas de Doutoramento

ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE

- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias da Actividade Física e do Deporte: Avances e Investigación
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
- Programa Oficial de Doutoramento en Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Promoción da Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Psicoloxía da Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Saúde, Discapacidade e Dependencia
- Programa Oficial de Doutoramento en Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar

ARQUITECTURA

- Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura e Rehabilitación
- Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura e Urbanismo
- Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura: Concepción, Linguaxe e Composición
- Programa Oficial de Doutoramento en Arquitecturas e tecnoloxías multimedia
- Programa Oficial de Doutoramento en Construción, Patoloxía e Restauración Arquitectónicas
- Programa Oficial de Doutoramento en Historia e Representación da Arquitectura e das Obras Públicas
- Programa Oficial de Doutoramento en O Formigón Armado na Arquitectura e Enxeñarías
- Programa Oficial de Doutoramento en O Proxecto de Arquitectura - Relación Real
- Programa Oficial de Doutoramento en Patoloxía e Restauración Arquitectónica
- Programa Oficial de Doutoramento en Planos e Proxectos. Do Territorio á Cidade
- Programa Oficial de Doutoramento en Xénese, linguaxe e composición na arquitectura

ARTES E HUMANIDADES

- Programa Oficial de Doutoramento en A Linguaxe Natural e a Linguaxe Artística na súa Modalidade Literaria e Audiovisual
- Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
- Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Irlandeses
- Programa Oficial de Doutoramento en Estudos lingüístico-literarios do galego e do portugués
- Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Lingüísticos
- Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Literarios
- Programa Oficial de Doutoramento en Filoloxía Española e Latina
- Programa Oficial de Doutoramento en Filoloxía Galega e Portuguesa
- Programa Oficial de Doutoramento en Filoloxía Hispánica
- Programa Oficial de Doutoramento en Investigación Lingüística no ámbito galego-portugués
- Programa Oficial de Doutoramento en Lingua e Sociedade da Información: A Lingüística e as súas Aplicacións
- Programa Oficial de Doutoramento en Linguaxe, Ciencia e Antropoloxía
- Programa Oficial de Doutoramento en Literatura e Construción da Identidade na Galiza
- Programa Oficial de Doutoramento en Lóxica e Filosofía da Ciencia
- Programa Oficial de Doutoramento en Novas Aproximacións aos Estudos Ingleses
- Programa Oficial de Doutoramento en Patrimonio e Documentación Histórica, Artística e Cultural
- Programa Oficial de Doutoramento en Sociedade do Coñecemento: Novas perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades

BIOLOXÍA

- Programa Oficial de Doutoramento DO*MAR Marine Science, Technology and Management
- Programa Oficial de Doutoramento en Bioloxía Ambiental
- Programa Oficial de Doutoramento en Bioloxía Celular e Molecular
- Programa Oficial de Doutoramento en Bioloxía Mariña e Acuicultura
- Programa Oficial de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias da Terra e do Medio Ambiente
- Programa Oficial de Doutoramento en Investigación Agraria e Forestal
- Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencias (RD 1393/2007)
- Programa Oficial de Doutoramento en Xenética, Bioquímica e Biotecnoloxía

CIENCIAS DA SAÚDE

- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias da Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias Socio-sanitarias
- Programa Oficial de Doutoramento en Envellecemento: Avances e investigación
- Programa Oficial de Doutoramento en Medicina Clínica. Avances e Investigación
- Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencias (RD 99/2011)
- Programa Oficial de Doutoramento en Novas Tendencias e Aplicacións no Ámbito Asistencial
- Programa Oficial de Doutoramento en Xerontoloxía

DEREITO

- Programa Oficial de Doutoramento en Aspectos xurídicos da Integración Europea.
- Programa Oficial de Doutoramento en Comunidade Europea e ordenamentos Internos
- Programa Oficial de Doutoramento en Cuestións Esenciais do Dereito
- Programa Oficial de Doutoramento en Dereito
- Programa Oficial de Doutoramento en Dereito Administrativo Iberoamericano
- Programa Oficial de Doutoramento en Dereitos Económicos, Sociais e Culturais
- Programa Oficial de Doutoramento en Liberdades Públicas e Dereitos Fundamentais

ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA

- Programa Oficial de Doutoramento en A Sociedade da Información: Retos Sociais e Instrumentos de Análise
- Programa Oficial de Doutoramento en Competitividade na UE: Análise Económica e Empresarial
- Programa Oficial de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial
- Programa Oficial de Doutoramento en Competitividade, Innovación e Desenvolvemento: Análise Económica e Empresarial
- Programa Oficial de Doutoramento en Determinantes do proceso de integración e ampliación europea. Análise das novas dimensións EC
- Programa Oficial de Doutoramento en Dirección e Planificación de Turismo
- Programa Oficial de Doutoramento en Economía Cuantitativa: Instrumentos e Análise Económica
- Programa Oficial de Doutoramento en Globalización e sociedade
- Programa Oficial de Doutoramento en Globalización, Institucións e Desenvolvemento Rexional en Europa. Perspectivas do Novo Milenio
- Programa Oficial de Doutoramento en Integración Económica e Políticas Públicas
- Programa Oficial de Doutoramento en Métodos e Técnicas de Investigación na Xestión de Organizacións
- Programa Oficial de Doutoramento en Problemas e Perspectivas da Construción Europea
- Programa Oficial de Doutoramento en Redes sociais e cambio social
- Programa Oficial de Doutoramento en Tendencias sociais e procesos de integración

EDUCACIÓN

- Programa Oficial de Doutoramento en Avaliación e Orientación en Educación
- Programa Oficial de Doutoramento en Diagnóstico e Avaliación Educativa
- Programa Oficial de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación
- Programa Oficial de Doutoramento en Estratexias cognitivas nas didácticas dos feitos culturais
- Programa Oficial de Doutoramento en Innovación e Investigación Educativa
- Programa Oficial de Doutoramento en Innovación, Orientación e Avaliación Educativa
- Programa Oficial de Doutoramento en Intervención sobre os Procesos e Estratexias de Aprendizaxe
- Programa Oficial de Doutoramento en Psicoloxía da educación e do desenrolo
- Programa Oficial de Doutoramento en Teatro, expresión corporal e sociedade: a investigación didáctica

ENXEÑARÍA CIVIL

- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Civil
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría da Auga

FÍSICA E QUÍMICA

- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía de Polímeros
- Programa Oficial de Doutoramento en Física Aplicada
- Programa Oficial de Doutoramento en Nanomedicina
- Programa Oficial de Doutoramento en Química Ambiental e Fundamental

INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS

- Programa Oficial de Doutoramento en Computación
- Programa Oficial de Doutoramento en Computación e Intelixencia Artificial
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría de Computadores e Comunicaci3ns

- Programa Oficial de Doutoramento en Estatística aplicada e computacional
- Programa Oficial de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa
- Programa Oficial de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información
- Programa Oficial de Doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxía da Información
- Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxía da Información e as Comunicacións
- Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e Comunicación en Redes Móviles

TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS E MARÍTIMAS

- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía de Materiais
- Programa Oficial de Doutoramento en Enerxía e Propulsión Mariña
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría de Materiais e do Transporte Marítimo
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría de Propulsión e Navegación Marítima
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría de unidades e instalacións navais e oceánicas
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Industrial
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Marítima
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Naval e Industrial
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Naval e Oceánica
- Programa Oficial de Doutoramento en Fotónica e Tecnoloxías do Láser
- Programa Oficial de Doutoramento en Láser, Fotónica e Visión
- Programa Oficial de Doutoramento en Tecnoloxía dos Procesos de Fabricación
- Programa Oficial de Doutoramento en Transporte Marítimo: unha Actividade Interdisciplinar

ANEXO II**PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO
2014/2015****NÚMERO DE PREMIOS QUE SE CONVOCAN POR AGRUPAMENTO
DE PROGRAMAS**

ÁMBITO DE COÑECEMENTO	Nº DE TESES DEFENDIDAS POR CURSO ACADÉMICO	NÚMERO DE PREMIOS
ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE	2014/2015 – 7	2
ARQUITECTURA	2014/2015 – 9	2
ARTES E HUMANIDADES	2014/2015 – 11	3
BIOLOXÍA	2014/2015 – 7	2
CIENCIAS DA SAÚDE	2014/2015 – 24	5
DEREITO	2014/2015 – 3	Non se convoca premio
ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA	2014/2015 – 10	2
EDUCACIÓN	2014/2015 – 7	2
ENXEÑARÍA CIVIL	2014/2015 – 9	2
FÍSICA E QUÍMICA	2014/2015 – 8	2
INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS	2014/2015 – 18	4
TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS E MARÍTIMAS	2014/2015 - 7	2

ANEXO II

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO CONVOCATORIA 2014/2015

RELACIÓN DE DOUTORES/AS QUE SE PODEN PRESENTAR

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome	Calificación	Curso académico de lectura
ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE	Andújar Casais, Miguel Ángel	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	Freire Rodríguez, Carlos	Sobresaliente cum laude	
	López Alonso, Virginia	Sobresaliente cum laude	
	Meilán Devesa, José Ramón	Sobresaliente cum laude	
	Ruiz Rivera, Daniel Jesús	Sobresaliente cum laude	
	Salgado Lopez, José Ignacio	Sobresaliente cum laude	
ARQUITECTURA	Días Valente, Luísa María	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	González Harguindey, Javier	Sobresaliente cum laude	
	Lima Guerreiro, Paulo Alexandre	Sobresaliente cum laude	
	López Salas, Estefanía	Sobresaliente cum laude	
	Lorenzo Aspres, Alberta	Sobresaliente cum laude	
	Suárez Riestra, Félix Leandro	Sobresaliente cum laude	
	Sumay Rey, Jose Antonio	Sobresaliente cum laude	
ARTES E HUMANIDADES	Araguas Alvarez, Vicente María	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	Bello Viruega, Iria María	Sobresaliente cum laude	
	Donís Pérez, María Belén	Sobresaliente cum laude	
	González Ruiz, Diego	Sobresaliente cum laude	
	Mosquera Castro, Estefanía	Sobresaliente cum laude	
	Sánchez Cons, Josefina Guillermina	Sobresaliente cum laude	
	Vázquez Naveira, Marta María	Sobresaliente cum laude	

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome	Calificación	Curso académico de lectura
BIOLOXÍA	Arévalo, Edgardo Santiago	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	da Cruz Freitas Júnior, José Ribamar	Sobresaliente cum laude	
	López López, Olalla	Sobresaliente cum laude	
	Rivera Casas, Ciro	Sobresaliente cum laude	
	Robles García, Verónica	Sobresaliente cum laude	
	Sexto Iglesias, Alexia	Sobresaliente cum laude	
CIENCIAS DA SAÚDE	Antelo Cuns, Tania	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	Bellido Castañeda, Virginia	Sobresaliente cum laude	
	Blanco Aparicio, Marina	Sobresaliente cum laude	
	Carpintero Fernández, Paula	Sobresaliente cum laude	
	Castaño Carou, Ana Isabel	Sobresaliente cum laude	
	Cordero Lorenzana, María Lourdes	Sobresaliente cum laude	
	De Oliveira Antonio Bettencourt da Cãmara, Stella Margarida	Sobresaliente cum laude	
	Esquía Medina, Gonzalo Nemecio	Sobresaliente cum laude	
	González Saez, Luis Alfonso	Sobresaliente cum laude	
	López López, Flavio	Sobresaliente cum laude	
	Marcos Rodríguez, Pedro Jorge	Sobresaliente cum laude	
	Modroño Freire, María José	Sobresaliente cum laude	
	Mosqueira Ouréns, Manuel José	Sobresaliente cum laude	
	Pena Bello, Maria Lara	Sobresaliente cum laude	
	Pita Gutiérrez, Francisco	Sobresaliente cum laude	
	Rabuñal Rey, Ramón	Sobresaliente cum laude	
	Rocha Loureda, Beatriz	Sobresaliente cum laude	
	Rumbo Lorenzo, Carlos	Sobresaliente cum laude	
	Sánchez Fernández, Alba Cristina	Sobresaliente cum laude	
	Seoane Pillado, María Teresa	Sobresaliente cum laude	
Soto Hermida, Ángel	Sobresaliente cum laude		
Vela Aneró, Ángela Andrea	Sobresaliente cum laude		

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome	Calificación	Curso académico de lectura
ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA	Dogaru, Teodora	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	Laiz Moreira, Sofía	Sobresaliente cum laude	
	Pais Montes, Carlos	Sobresaliente cum laude	
	Peón Pose, David Olegario	Sobresaliente cum laude	
	Rodrigues Soares, Jakson Renner	Sobresaliente cum laude	
EDUCACIÓN	Fuentes Silveira, María Jesús	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	Gómez Sánchez, Tania Fátima	Sobresaliente cum laude	
	Neto Moreno, Márcia Teresa	Sobresaliente cum laude	
	Rebollo Quintela, Nuria	Sobresaliente cum laude	
	Sánchez Vales, Benigno	Sobresaliente cum laude	
ENXEÑARÍA CIVIL	Barneche Naya, Viviana	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	Fraga Cadórniga, Ignacio	Sobresaliente cum laude	
	Gómez Mejjide, Breixo	Sobresaliente cum laude	
	Kusano, Ibuki	Sobresaliente cum laude	
	Ramírez Palacios, Luis	Sobresaliente cum laude	
	Ruiz Pico, Angel Antonio	Sobresaliente cum laude	
	Sánchez-Tembleque Díaz-Pache, Félix	Sobresaliente cum laude	
	Seara Paz, Gumersinda	Sobresaliente cum laude	
FÍSICA E QUÍMICA	Blanco Méndez, María	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	Dortzbach, Denilson	Sobresaliente cum laude	
	García Tomillo, Aitor	Sobresaliente cum laude	
	Miraz Novas, Carolina	Sobresaliente cum laude	
	Montes Carro, María	Sobresaliente cum laude	
	Varga Calvo, David de la	Sobresaliente cum laude	

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome	Calificación	Curso académico de lectura
INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS	Álvarez García, Sandra	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	Álvarez Mallón, Damián	Sobresaliente cum laude	
	Bóveda Álvarez, María Del Carmen	Sobresaliente cum laude	
	Cancela Barizo, Brais	Sobresaliente cum laude	
	Costa Bouzas, Julián	Sobresaliente cum laude	
	De Bernardo Roca, Guillermo	Sobresaliente cum laude	
	Diéguez Lodeiro, Martín	Sobresaliente cum laude	
	Fernández Arias, Alba	Sobresaliente cum laude	
	Francisco Fernández, Miguel Ángel	Sobresaliente cum laude	
	González Coma, José Pablo	Sobresaliente cum laude	
	González Vázquez, Carlos Hugo	Sobresaliente cum laude	
	Herrera Ibatá, Diana María	Sobresaliente cum laude	
	Lobeiras Blanco, Jacobo	Sobresaliente cum laude	
	Ramos García, Lucía	Sobresaliente cum laude	
	Rey Expósito, Roberto	Sobresaliente cum laude	
Varela Fernández, Gervasio	Sobresaliente cum laude		
Veiguela Blanco, Noha	Sobresaliente cum laude		
TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS E MARÍTIMAS	Barbadillo Jove, Fernando	Sobresaliente cum laude	2014-2015
	Cid Bacorelle, Damián Manuel	Sobresaliente cum laude	
	De la Prada Arquer, Amelia	Sobresaliente cum laude	
	Fiorucci, María Paula	Sobresaliente cum laude	
	López Vázquez, José Antonio	Sobresaliente cum laude	

Anexo III.**Solicitud de Premio Extraordinario de Doutoramento 2014/2015**

DATOS PERSOAIS:			
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI/Pasaporte:
Domicilio para efectos de notificación:		Localidade:	
Provincia:	Código Postal:	Teléfono:	e-mail:

DATOS ACADÉMICOS:	
Programa de Doutoramento:	
Agrupamento:	
Cualificación da tese:	Data de defensa da tese:

SOLICITA:

Optar ao Premio Extraordinario de Doutoramento 2014/2015, convocado por Resolución Reitoral do 31 de marzo de 2016

Para tal efecto, acompaño a esta solicitude un exemplar da tese en formato electrónico e o currículo xunto cunha listaxe dos méritos alegados relacionados coa tese (ver os criterios xerais, punto 6 desta convocatoria).

A Coruña, a de de 2016

O/A interesado/a

Asdo.: _____

O prazo para presentar a solicitude remata o día 22 de abril de 2016

A solicitude presentarase no Rexistro da Sección de Estudos de Doutoramento (Pavillón Estudiantil, Campus de Elviña) ou no Rexistro Auxiliar de Ferrol.

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.